



Concello de Lugo

ACTA DE REVISIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO REALIZADO NO PROCESO SELECTIVO MEDIANTE SISTEMA DE OPOSICIÓN PARA O ACCESO EN PROPIEDAD DE 12 PRAZAS DE BOMBEIRO/A CONDUTOR/ A (3 PRAZAS INCLUIDAS NA OEP 2017, 3 PRAZAS INCLUIDAS NA OEP 2018, E 6 PRAZAS INCLUIDAS NA OEP 2020) PERTENCENTES AO CADRO DE PRESOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA LIBRE.

Ás 17.30 horas do día 04 de febreiro de 2022 reuniuse o Tribunal do referido proceso selectivo nas instalacións do Parque de Bombeiros do Concello de Lugo, sitas en Av. de A Coruña 500, 27298 Lugo, co fin de resolver as alegacións presentadas con data 14 de xaneiro de 2022 por Don Marcos Rosende Sáez DNI 44091515D ao primeiro exercicio realizado consistente nun cuestionario de 100 preguntas tipo test, con catro despostas alternativas, e catro preguntas de reserva, relacionado coas materias comprendidas no Anexo I da precitada convocatoria, coa asistencia do seguintes membros de este que se citan a continuación:

Presidente: Don Juan Ignacio Márquez Gacio, Técnico do Concello de Lugo.

Vogais: Don Pablo Yanes Rivas, Cabo do Servizo de Prevención, Extinción de Incendios e Salvamento do Concello de Lugo.

Don Alejandro Fernández Carballeira, Cabo do Servizo de Prevención, Extinción de Incendios e Salvamento do Concello de Ferrol, A Coruña.


Don Eduardo López Dorado, Cabo do Servizo de Prevención, Extinción de Incendios e Salvamento do Concello de Lugo.

Asesor colaborador do Tribunal: Don Gonzalo Pereira Ferreiro, Licenciado en Educación Física.

Secretaria: Dona M^a. Aránzazu Sastre Carracedo, Tesoureira do Concello de Lugo, en substitución de Don Justo Díaz Rodríguez, Letrado Asesor-Vicesecretario do Concello de Lugo.

Vistas as alegacións presentadas, o Tribunal por unanimidade acorda:

Primeiro. Estimar parcialmente a alegación presentada por Don Marcos Rosende Sáez, no relativo á pregunta número 8 ao non poder considerarse comprendida na acotación da Administración Autónoma Galega que se fai no temario, e dado que a normativa de desenvolvemento, en particular a Lei 16/10, de Organización e Funcionamento da Administración Xeral e do Sector Público Autónomo de Galicia tampouco a regula.



MURALLA
patrimonio da humanidade

Segundo. Desestimar as alegacións relativas á pregunta número 3, por canto o artigo 21 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local, establece que a iniciativa (pero non a declaración) de lesividade corresponde ao Alcalde.

Terceiro. Desestimar a alegación relativa á pregunta 25 por atoparse incluída no contido do temario, remitíndose o M1, manual de incendios completo, páxina 39-40, onde di que a clasificación dos lumes en función dos combustibles ríxese pola normativa europea EN 2. Na táboa da páxina 40, se di textualmente: "*Clase B: Son los fuegos de líquido o de SÓLIDOS LICUABLES*". *Ejemplo: gasolina, petróleo, alcohol, gasóleo, alquitrán, g rasas, ceras, parafinas, etc...*". Polo tanto, a única resposta correcta á pregunta 25, é a opción D.

Cuarto. Conforme ao disposto no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, de 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a presente publicación produce os efectos de notificación individualizada a cada un dos aspirantes que presentaran reclamacións ao primeiro exercicio da presente convocatoria, significándolles, ademais, a posibilidade de presentar no prazo de un mes a contar desde o día seguinte ao desta publicación, recurso de alzada nos termos establecidos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, ante este Tribunal cualificador ou ante a Xunta de Goberno Local como órgano competente para resolvelo.

E para que así conste e surta os efectos legais oportunos, levántase a presente acta ás 18.00 horas, no lugar e data anteriormente expresados, unha vez asinada por todos os membros do Tribunal, de cuxo acto esta Secretaria certifica.

O presidente do Tribunal.
Asdo.: Juan Ignacio Márquez Gacio.

A Secretaria do Tribunal.
Asdo.: M.^a. Aránzazu Sastre Carracedo.

Vogal.
Asdo.: Pablo Yanes Rivas.

Vogal.
Asdo.: Eduardo López Dorado.

Vogal.
Asdo.: Alejandro Fernández Carballeira.

Asesor colaborador.
Gonzalo Pereira Ferreiro.

